

11. Os principais sectores industriais e o papel do ferrocarril.

A partir dos seguintes documentos realizaremos unha composición de texto histórico sobre o proceso de industrialización en España no século XIX.

A Revolución industrial, que non as transformacións industriais, fracasan en España debido a varios factores. En primeiro lugar atopamos o fracaso da revolución agraria e o desenvolvemento mineiro que fixo que as dúas fases naturais non tivesen o papel dinamizador que tiveron noutros países. No caso de fracaso mineiro, o problema non foi a produtividade senón a tardía explotación e a intervención de compañías estranxeiras (británicas e francesas) o que facía que os beneficios saísen do país. De seguido temos a carencia de capitais, tanto por parte do Estado como dos particulares debido á febleza da burguesía; a facenda navegaba no déficit ata mediados do século XIX. Por outro lado a inestabilidade política tamén contribuíu. En terceiro lugar esta o colapso que para o comercio español supuxo a perda de colonias e por último unha serie de factores como a escaseza de man de obra especializada, e escaseza dos medios de transporte que non permitiron vertebrar un mercado interior e a falta dun centro económico que absorbera a produción como facían Londres ou París.

A pesar disto, durante o goberno de Del Riego tratouse de potenciar o desenvolvemento industrial en tres puntos: País Vasco, Cataluña e Madrid. Pero o proceso non comezará a desenvolverse firmemente ata mediados do s. XIX cun notable atraso con respecto aos países do norte e oeste europeos.

O desenvolvemento industrial en España é un proceso moi heteroxéneo que presenta fortes desequilibrios rexionais. Fronte a unhas zonas industrializadas e urbanizadas, existiron outras que permaneceron alleas a este proceso. Respecto ao desenvolvemento do sector siderúrxico na súa primeira fase destaca Andalucía. A familia Heredia crea en Marbella aproveitando a presenza de ferro os primeiros altos fornos españois en 1828 estimulado pola necesidade de ferro para os toneis nos que se explotaban os viños andaluces. A partir de 1860 a súa produción entra en crise en favor de Asturias debido aos altos custes de produción pola necesidade de importar o carbón desde Inglaterra ou Sardeña non sendo competitivo no mercado.

En Asturias a mediados de século destaca a produción siderúrxica de La Felguera, na conca mineira, pero entra en crise a partir de 1880 en favor da siderurxia vasca quedando relegada a produción de carbón. Este, debido a dificultade da súa explotación (minas soterradas) e a baixa calidade (pouco potencial calorífico) medrará dun xeito artificial amparado en medidas de tipo proteccionistas.

A siderurxia vasca está relacionada coa Segunda revolución industrial destacando a produción do aceiro debido a abundancia de ferro de boa calidade explotado desde antigo. Xorde na ría de Bilbao e converterase sen dubida no centro da siderurxia española. Ao Aveiro desta desenvóléronse tamén unha forte industria química e metalúrxica de transformación, coa fabricación de todo tipo de máquinas e motores destacando a construción naval. Medrou unha forte burguesía que daría músculo ao desenvolvemento do nacionalismo orgánico-historicista vasco e desenvóléronse numerosas institucións financeiras entre as que destacarán o Banco de Biscaia e o de Bilbao entre outros.

Paralelamente, Cataluña foi a principal zona industrial de España, sendo pioneira da industrialización no sur do continente europeo. O seu desenvolvemento estivo fortemente ligado ao sector téxtil, que vivía do monopolio no comercio coas colonias e que foi constantemente renovado coa introdución de algodón, a mecanización das tarefas, o emprego dos novos motores mecánicos, o revestimento dos capitais obtidos e o espírito de empresa por parte dos propietarios das fábricas. A pesar dunha crise inicial debido a perda das colonias e a competencia cos produtos ingleses comeza a medrar a partir de 1832 cando se introduciron as máquinas de vapor. A fábrica *El vapor* da familia Bonaplata introduciu a primeira debido a escaseza de man de obra pola falta do éxodo rural. Esta fábrica vivirá a primeira experiencia ludita en España en 1835 debido a que culpabilizaban a estas máquinas do deterioro da vida do proletariado. Entre 1860 e 1865 o aumento dos custos de algodón a raíz da Guerra de secesión en EEUU sumirá a sector téxtil mundial nunha fonda crise que se superará a partir de 1870, coa intención de aforrar custos enerxéticos e aproveitar a enerxía hidráulica, créanse novas industrias téxtiles nas concas dos ríos. Estes centros industriais deron lugar á aparición de novos núcleos urbanos para acoller a man de obra. A produción catalá estivo destinada fundamentalmente ao mercado interior e as colonias de Cuba e Filipinas e viuse afectada polos vaivéns da lexislación aduaneira. Debido ao crecemento económico a burguesía fortalecese e abrazará as teses do nacionalismo catalán, desenvolveranse fortes institucións financeiras como o Banco Sabadell e comeza a facerse presente a corrente artística do modernismo a través de figuras como Antoni Gaudí que, en representación do poder ascendente da burguesía, cambia totalmente a linguaxe arquitectónica.

O ferrocarril en España como elemento necesario para a industrialización, símbolo da modernización e vertebrador do mercado interior comezará a construírse primeiro en Cuba en relación cos campos de caña de azucre e na península no ano 1848 nun pequeno tramo entre Barcelona e Mataró. A lei de ferrocarrís de 1855, financiada coa desamortización de Madoz, suporá o gran impulso a rede ferroviaria española deseñada sobre o tecido radial da época de Carlos III, convertendo Madrid no centro do mercado interior. A súa construción foi realizada polo Estado e por compañías privadas artelladas ao redor de sociedades formadas por inversores que fortaleceron enormemente o desenvolvemento de capitalismo financeiro en España. As zonas que vivían alleas a industrialización permaneceron fora da rede ferroviaria como por exemplo Galicia e ancho de vía era diferente ao francés debido ao relevo e para dificultar unha posible invasión estranxeira.

En Galicia a industrialización é moi pobre e a que hai nace en relación coa a salgadura da pesca. A partir do desenvolvemento do proceso de pasteurización nace unha importante industria conserveira de peixe e tamén crecerá baleeira principalmente estas baixo control de capital catalán como a familia Massó.

A modo de conclusión podemos afirmar que, se ben é certo que a industrialización en España é tardía, lenta e heteroxénea, co cal podemos falar dun fracaso do proceso revolucionario, é preciso tamén realizar unha posta en valor de todas as transformacións que foron realizadas no ámbito da economía e que permitiron a creación de novas institucións como o Banco de España, as escolas de enxeñeiros ou o creación da peseta como moeda única en 1868. Todo isto permitirá o aumento da taxa de urbanización e que paulatinamente España entre na modernidade.